

Xornada polo Día Internacional da Matrona

A **Asociación Galega de Matronas (AGAM)**, co gaio do Día Internacional da Matrona, organiza o vindeiro sábado, 5 de maio de 2018 na Cidade da Cultura de Santiago de Compostela a **Xornada “Mulleres e Matronas: unha vida xuntas”**. Estas xornadas están dirixidas a matronas, pero tamen a asociacións e colectivos de mulleres, co obxecto de enriquecer os debates e intercambiar opinións sobre o papel da matrona na sociedade. Como matronas debemos e desexamos escoitar a súa voz para coñecer as súas necesidades e facer o noso traballo cada día mellor.

O 5 de maio é o día internacional da MATRONA, no que se celebra a existencia dunha profesión adicada ao coidado da saúde das mulleres en cada recuncho do mundo.

As MATRONAS estamos a carón das mulleres e traballamos con elas para mellorar a súa saúde sexual e reprodutiva, e a das súas familias e da comunidade en xeral. Entendemos isto como un dereito fundamental de todas as mulleres, sendo unha das nosas funcións a de empoderala para que poida decidir sobre o tipo de coidados que necesita e que tome decisións informadas sobre a súa saúde.

As MATRONAS acompañamos ás mulleres durante a adolescencia, a maternidade, a crianza, a menopausa, en definitiva durante toda a súa vida sexual. Facémolo nos centros de saúde, nos hospitais máis tamén na propia comunidade e mesmo no domicilio das mulleres.

É por isto que vos convidamos a participar nas xornadas, das cales vos achegamos o programa e as instrucións para facer a inscrición nas mesmas.

Sen máis e agardando poder contar coa vosa presenza, recibide un agarimoso saúdo.



5
de maio
2018

**DÍA INTERNACIONAL
DA MATRONA**

Xornada
MATRONAS
mulleres

unha vida xuntas

Cidade da Cultura
(Edificio CINC, auditorio 2)
Santiago de Compostela

Hora de comezo: 9:30 h.

Inscripcións e programa en:
www.matronasgalegas.org

 **AGAM**
asociación galega
de matronas

Cartel do Día da Matrona 2018

PROGRAMA

“Mulleres e Matronas: unha vida xuntas”

Sábado, 5 de maio de 2018 de 9:30 a 14:15 h.
Auditorio 2 do edificio CINC da Cidade da Cultura de Galicia.
Monte Gaiás – Santiago de Compostela.

MAÑÁ:

- **09:30 a 10:00 h.-** Recepción e benvinda.
- **10:00 a 11:30 h.-** Conferencia: **“Cambiar as imaxes para cambiar o mundo”**. Yolanda Domínguez. Artista visual. Experta en comunicación e xénero.
- **11:30h a 11:40h.-** Presentación da Exposición MM **“My mom did it”** de Marisa Martorell. Matrona e Artista.
- **11:40 a 12:10 h.-** Pausa café.
- **12:10 a 13:15 h.-** Mesa redonda: **“Encontro de mulleres e matronas: Que necesidades das Matronas para sentirvos máis coidadas na vosa vida sexual e reprodutiva?”**. Modera: **Marta Bernárdez Carbón**.
 - **ACADAR- Asociación de mulleres con discapacidade de Galicia:** nome da representante pendente de confirmar
 - **AGAM- Asociación Galega de Matronas:** Benita Martínez
 - **EPEN- El Parto es Nuestro:** nome da representante pendente de confirmar
 - **GALICIA ENTENDE- Colectivo de mulleres lesbianas:** Paula Lois Alfonsin
 - **FEMURO- Federación Provincial de Mulleres Rurais de Ourense:** Jane Liz Peña
 - **querENDO Mulleres con endometriose:** Iria Villar
- 13:15 a 14:00 h.- Debate.
- 14:00 a 14:15 h.- Clausura.

XANTAR DE MATRONAS: para confraternizar (inscrición a través web AGAM).

TARDE

- 16:00 h.- Asemblea Xeral ordinaria da Asociación Galega de Matronas (primeira convocatoria).
- 16:30 h.- Asemblea Xeral ordinaria da Asociación Galega de Matronas (segunda convocatoria).
- 18:30h- Fin da Asemblea Xeral ordinaria
- 18:30h-20:30h.- Xuntanza da Directiva da AGAM

Inscricións: (aforo limitado)

- Matronas a través da web da AGAM: www.matronasgalegas.org .
- Mulleres e asociacións de mulleres: 981160063 de luns a venres.

Encol de Yolanda Domínguez: Artista visual. Experta en comunicación e xénero.

O arte pode mudar o mundo e ese é un dos motivos que moven a Yolanda Domínguez, artista experta en comunicación e xénero, a utilizalo para despertar a conciencia social e empoderar ás persoas. A súa forma de traballar consiste en crear accións que relacionen ás persoas entre si e ao mesmo tempo xerar comunidades que se manifesten a respecto dun conflito.

É nesta dirección na que dirixiu os seus estudos de Belas Artes, realizados na Universidade Complutense de Madrid, así como o Máster en Arte e Novas Tecnoloxías e o Máster de Fotografía realizados na Universidade Europea de Madrid e na Escola de Fotografía EFTA respectivamente.

Os seus proxectos abordan temas sociais relacionados co xénero e o consumo.

Actualmente, compaxina a súa vida artística co ámbito da educación, colaborando con distintas universidades e escolas de todo o mundo mediante talleres e conferencias. Así mesmo, é profesora de *“Imaxe como ferramenta de transformación social”* no Mestrado de Fotografía Contemporánea da Escola EFTI de Madrid e realiza accións específicas para organismos de carácter social de todo o mundo, como Greenpeace, Médicos do Mundo ou Change.org. Tamén é columnista no Huffington Post Spain, onde escribe semanalmente sobre a representación da muller nos medios.

Encol de Marisa Martorell: Matrona e Artista compostelá.

Marisa Martorell, artista de vocación precoz, aos seis anos xa comeza mostrar habilidades naturais para o debuxo e especialmente para o retrato. A pesares de destacar en debuxo ao longo dos seus estudos, acaba matriculándose en Enfermaría na Universidade de Santiago de Compostela, especializándose en Obstetricia e Xinecoloxía.

Na actualidade compaxina a súa faceta de artista coa súa profesión como Matrona no Centro de Saúde da Estrada e é profesora asociada na Facultade de Enfermaría. Isto non lle impediu seguirse formando de maneira autodidacta na súa vocación artística e convertendo o debuxo e a pintura nunha parte fundamental da súa experiencia vital.

Son ás mulleres o centro das súas composicións e si non están presentes de forma implícita, estano explicitamente, xa que son as que observan cada escena en todo momento. Son os seus intereses, as súas obsesións, as súas formas, os seus xestos, os seus sentimentos os que enchen o lenzo. Algo inevitable, xa que a artista vive rodeada delas, coñéceas a perfección; ten visto e comprobado que existen distintos tipos de femias, pero que todas van mudando en continua progresión. E é alí onde entra en xogo e atopa un lugar importante dentro do lenzo a liberación sexual, onde a muller, coñecedora da forza da súa sexualidade, emprégaa de forma consciente e manéxaa ao seu antollo, sen deixar de ser a dona dese poder en todo momento.